1

VARÍOLA

A maior asasina da humanidade

A varíola foi "o máis terrible dos ministros da Morte". Pola persistencia no tempo e no espazo. Evidencias da súa presenza hainas en China (século XVI a.C.) ou en Exipto (doce séculos antes de Cristo); en tempos de Marco Aurelio Antonio (século II desta era), provocou, ao longo de 15 anos, a morte de cinco millóns de cidadáns, o 10% da poboación do imperio Romano. Cando foi da Real Expedición Filantrópica da Vacina (1803-1812), a varíola viña causando 400.000 mortes anuais en Europa; entre os superviventes, era responsable dun terzo dos casos de cegueira. Neses mesmos anos, virulentas epidemias de varíola en terras de América e Filipinas estaban a decimar a poboación, deixando á Coroa española sen cidadáns e sen contribuíntes.

Unha segunda característica da epidemia é o seu carácter universal: non discrimina por idade, raza ou posición social. De varíola, morrían indixentes, reis e raíñas.

A varíola na Historia: A maior asasina (antetítulo) / O máis terrible dos ministros da Morte (capítulo 2). The University Chicago Press, 2002.



Pegadas da varíola na Historia: dende o século XVI a.C. (China) e o século XII a. C. (momia do faraón Ramsés V) ata o século XX.

Colección Carlos González Guitián e OMS.

Príncipe Baltasar Carlos; morre de variola con 16 anos, en 1646. Diego Velázquez, Museo del Prado.

2

A VARIOLIZACION

Variola humana para combater a epidemia

Xeración tras xeración, a humanidade constatou que quen pasaba a varíola quedaba inmune ante novos ataques da enfermidade.

Na China de hai 3.500 anos, xa provocaban artificialmente unha benigna varíola: as cotras secas de pústulas variolosas eran transformadas nun fino po que era enerxicamente soprado, mediante un tubo de prata, nas fosas nasais de persoas sas.

Un campión da variolización en España foi Timothy O'Scanlan, que traballou en Ferrol —30 anos— como médico militar e director do Hospital Real. Timoteo abría cunha lanceta un gran de varíola e, de seguido, introducía —horizontal e superficialmente— a linfa extraída no brazo do receptor (con 2-3 incisións), movendo a punta da lanceta dentro da ferida para que a materia se mesturase mellor co sangue. A operación concluía premendo co polgar na incisión; así, ao retirar a lanceta, todo o pus quedaba na ferida e, polo propio efecto desta presión, o corte acababa pechando sen emplastos nin vendaxes.

En China, o máis antigo remedio foi a insuflación nasal de cotras secas e moídas de varíola humana.



PRACTICA MODERNA.
DE LA INOCULACION,
CON VARIAS OBSERVACIONES
Y REFLEXIONES FUNDADAS EN ELLA,
PRECEDIDAS
DE UN DISCURSO SOBRE
la utilidad de esta operacion, y un Compendio Historico de su origen, y de su estado actual, particularmente en España; con un Catalogo de algunos Inoculados.
POR
EL DOCTOR DON TIMOTEO O-SCANLAN, Médico que ha sido del Regimiento de Hibernia, de los Hospitales Militares en la ultima Guerra de Portugal: Proto-Médico del Departamento de Marina del Ferrol, de la Real Academia Médica de Madrid, y Médico Consultor del Exercito en el sitio de Gribraltar.

Æquè pauperibus prodest, locupletibus æquè:
Æquè neglectum puris, sensibusque nocebit. Horat.

MADRID: M. DCC. LXXXIV.
EN LA IMPRENTA DE HILARIO SANTOS.
Se hallará en la Librería de Miguel Copin, Carrera de San Geronymo.
Con las Licencias necesarias.

Europa comezou a practicar, no século XVIII, a inoculación de pus procedente de vinchas de varíola humana. Timoteo O'Scanlan, médico militar afincado en Ferrol, foi o gran propagador da variolización no país.

Colección Carlos González Guitián.

3

A VACINA

Un descubrimento inglés (Edward Jenner)

Edward Jenner (1749-1823), un médico rural inglés, viña observando que os homes e as mulleres que muxían vacas infestadas de *cowpox* (unha variante de variola animal) acababan desenvolvendo nas mans as mesmas pústulas que presentaban os tetos das vacas enfermas. Tamén comprobou que as persoas contaxiadas de *cowpox* eran inmunes á mortífera *smallpox* (a varíola humana) e que, sen risco para a súa saúde, asumían os coidados dos familiares atacados da varíola humana. A gran achega de Jenner á Medicina foi consecuencia de intuír que unha contaminación indirecta e provocada —inocular á poboación sa con linfa procedente das pústulas dunha persoa contaxiada de *cowpox*— habería de manter o mesmo poder inmunizante fronte á *smallpox* que os contaxios directos e espontáneos con vacas enfermas.

A día de hoxe a varíola é a única epidemia humana erradicada deste planeta: en 1980, a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou a Terra "zona cero de varíola".

Edward Jenner, o descubridor da vacina, en 1796.

Cartaz conmemorativo da OMS da erradicación da varíola en Africa, o seu derradeiro reduto (1979).



A OMS anuncia a total erradicación da varíola (1980).

4

A VACINACIÓN

Unha invención española (REFV)

Seis años despois de que Edward Jenner descubrise a vacina da varíola, Carlos IV dispón organizar a Real Expedición Filantrópica da Vacina para levar este antídoto, dende A Coruña, aos territorios de Ultramar.

Moi por riba dos centos de miles de vacinados —de balde—, a relevancia da Expedición da Vacina (1803-1812) vén de ter creado Xuntas Locais de Vacinación dende o norte de México ata o sur de Chile e tamén por Filipinas, Cantón e Macao. Estas Xuntas foron asentando, no mundo do seu tempo, que o método inmunolóxico por excelencia contra enfermidades contaxiosas é a vacinación. Valorando aqueles nove anos de vacinacións, Enrique Bustamente, secretario xeral da Organización Panamericana de Saúde, escribía en 1975: "A Expedición da Vacina permanece inigualada e corresponde aos seus integrantes a primacía na aplicación científica, a escala mundial, dun novo e marabilloso procedemento preventivo". Ou dito en palabras de Edward Jenner (1806), o pai da primeira vacina: "Non imaxino que os anais da Historia nos acheguen outro exemplo de filantropía tan nobre e extenso como este".

A corveta *María Pita*, en América. Gravado de Francisco Pérez; litografía de Manini; en: *Historia de España en tiempos de Fernando VII*.

Porto Cabello (Venezuela), primeira parada en América do Sur.



Manila (Filipinas), última parada da Expedición da Vacina.

O NOSO HEROE VOLVE Á CASA

O neno de Friol que levou a primeira vacina ata América

5

VACUNA VÉN DE VACA

Inimiga das epidemias, amiga da xente

Blossom (Flor) foi a xovenca que contaxiou a Sarah Nelmes ca *cowpox*: no proceso do muxido, a varíola animal pasou dos tetos da tenreira ás mans da muller.

Blossom, the Cow; pintura de Stephen Jenner. "Dr Jenner's House. Museum and Garden". Berkeley-UK © The Jenner Trust.

Dos tetos de Blossom (Luigi Sacco, 1809; Trattado di vaccinazoni).

A linfa que Edwar Jenner recolleu da man da labradora e que trasvasou ao brazo do cativo James Pipps revelouse como a vacina perfecta: poderosa fronte á letal *smallpox* —a varíola humana— pero inocua para a poboación vacinada. Así naceu a nai de todas as vacinas: ningunha das vacinas existentes procede de vacas enfermas, pero todas manteñen o mesmo principio: infestarmos, estando sans, con doses atenuadas do mesmo mal que queremos erradicar.

Ata finais do século XIX, seguiu operativa a vacinación directa dende vacas con *cowpox*. Nos Centros de Vacinación Animal, a vacina era de balde para os pobres; as tarifas de pago eran "catro pesetas por unha vacinación directa de tenreira na Clínica, con opción a unha visita médica a domicilio" e "20 pesetas por unha vacinación directa levando a tenreira a domicilio e dúas visitas médicas".

Ás mans, no proceso de muxido, de Sarah Nelmes.

Os brazos, por vacinación, de James Phipps (Edward Jenner, 1798; *An Inquiry into the causes and effectos of the Variolae Vaccinae*). Colección Carlos González Guitián.

Instituto de Vacunación de la Ternera, Santiago. Tarifa de Precios. Diario de Santiago, nº 77; 6 de abril de 1892.



Vacinacións directas dende unha xovenca, na Coruña. Anuncio do *Centro Jenner de Vacinación Animal;* Faginas Arcuaz, R. (1890), Guía-Indicador de la La Coruña y de Galicia para 1890-91; Imprenta de Vicente Abad, A Coruña.

Vacinacións públicas e directas dende unha xovenca infestada. *Las obras filantrópicas del Petit Journal* (1905). Colección Carlos González Guitián.

6

ANTIVACINAS

Crenzas, escrupúlos e cartos

Desde o primeiro momento, a vacinación tivo en contra a dous sectores con moito peso social.

Para unha parte dos clérigos, a inmunización preventiva era un desacato aos avisos cos que o Ceo, por medio das epidemias, advertía da necesidade de retornar á senda do Ben. Mesmo argumentaban que a varíola era un mal enviado por Deus para que non houbese tanta poboación e para que, morrendo na infancia, as criaturas fosen directamente ao Ceo, un beneficio máis difícil de acadar sendo xa grandes e regularmente pecadores. Para unha parte da clase médica, resultaba imposible de asumir que o remedio para os seres superiores —homes e mulleres— puidese vir dun ser inferior —vacas— que, por riba, tiña que estar enfermo.

1898, Londres: *O triunfo da de-jenner-ation*. Gravado de Edward Linley Sambourne.

1935, Barcelona. Dr. Diego Ruiz, *Vacunar es Matar. Dejarse vacunar, suicidarse*; imprenta Agustín Núñez.

Francisco Xavier de Balmis —o director da Expedición da Vacina— identificaría unha das causas da resistencia médica contra unha vacinación universal e de balde: "non sigades o exemplo e conduta destes descontentos, porque ven chegar o tempo en que se extinguirá unha enfermidade que é patrimonio dos que practican a arte de curar".

1802, Unha vaca da vacina, cebada con nenos, excrétaos con cornos. Gravado de Charles Williams. Wellcome Collection.

1802, Londres: *Os marabillosos efectos da vacinación*. Gravado de James Gillray.

7

FRANCISCO XAVIER DE BALMIS

O cerebro da expedición

O cirurxián Francisco Xavier de Balmis (Alacant, 1753 - Madrid, 1819), máis que director —por nomeamento real— da Expedición da Vacina, foi o seu cerebro.

Fronte á proposta oficial de viaxar con vacas infestadas de varíola, Balmis impuxo a idea dunha cadea de nenos que transportase a vacina en vivo: linfa de orixe vacúa sería inoculada nos brazos dunha primeira parella de cativos; aos 9-10 días, cando os grans resultantes da reacción ante esta vacinación estivesen máis cargados de pus, faríase o transvase a un novo par de nenos. Así, de brazo a brazo, a vacina iría facendo camiño dende A Coruña a Puerto Rico e por toda América e Asia.

Retrato anónimo e autógrafo manuscrito do director da Expedición da Vacina. Medicina Militar, vol.60, nº 2.

Balmis, vacinando. Belén municipal, A Coruña.

Partiu con nenos expósitos pero, en Ultramar, buscou contar, como portadores, con fillos de pais e nais coñecidos, co que lle daba á Expedición unha máis favorable imaxe pública. Para tamén garantir a mellor acollida popular ás inoculacións e disociar vacinación de enfermidade, as Xuntas de Vacinación funcionaban fóra dos hospitais, en locais céntricos e confortables.



Tratado Histórico y Práctico de la Vacuna, de Moreau de la Sarthe; traducción de Francisco Xavier de Balmis. Deste libro, os expedicionarios distribuíron 1.200 exemplares, como manual de cabeceira, entre as Xuntas de Vacinación que ían creando ao seu paso. Colección Carlos González Guitián.

8

ISABEL ZENDAL

A nai de todas as vacinas

Isabel (1771) nace en Santa Mariña de Parada (Ordes-Coruña), nunha familia —nove irmáns— de labradores pobres "quasi de solemnidade".

Aos 23 anos, Isabel está de criada na casa de Gerónimo Hijosa, un comerciante maragato asentado na Coruña. Xa vivindo pola súa conta, ten un fillo de solteira: Benito, nacido en xullo de 1796. En marzo de 1800, entra de reitora de expósitos no Hospital da Caridade, un posto de humilde salario: cobraba 50 reais ao mes e unha libra diaria de pan (150 reais mensuais recollía o capelán do Hospital e 80 recibía o carrexador da auga).

Escultura de Acisclo Manzano (2003), no porto coruñés, dedicada a Isabel e aos nenos da vacina. Fotografía, José Caruncho.

Isabel —de condición analfabeta— era a a única experta, entre o equipo médico da Expedición, no trato con nenos de 2 a 9 anos. Na avaliación final que Balmis remite á Coroa sobre os expedicionarios, está escrito: "A Reitora, co excesivo traballo e co rigor dos diferentes climas, perdeu enteiramente a saúde; infatigable noite e día, derramou todas as tenruras da más sensible Nai sobre os Anxiños dos que coida e a todos ten asistido enteiramente nas súas continuadas enfermidades".

Santa Mariña de Parada-Ordes, a aldea natal da reitora de expósitos-enfermeira da Expedición da Vacina. Fotografía, José Caruncho.

O NOSO HEROE VOLVE Á CASA

O neno de Friol que levou a primeira vacina ata América

9

JUAN ANTONIO

De Xiá ata América coa primeira vacina

En 22 de xaneiro de 1797, Juan Antonio, neno expósito, foi bautizado polo párroco de Santa María de Xiá. Cinco días máis tarde, era entregado na Inclusa do Real Hospital de Santiago e, tres semanas despois, a súa crianza foi asumida por María Batallán, casada con Bentura do Couto, veciños de San Mamede de Rivadulla (Vedra). Seis anos máis tarde, a Ama Maior de Expósitos acreditará que Juan Antonio "foi escollido para transportar a Bacina de Varíola á América, sendo a este fin dirixido á Coruña, en 8 de novembro de 1803".

Rematada a misión vacunífera, os cativos da Expedición foron destinados —agosto de 1804— ao Real Hospicio de Pobres da capital mexicana, dende onde pasarán —xullo de 1806— á Escola Patriótica, de formación profesional. "Os que fagan a navegación serán mantidos e educados en Yndias e colocados oportunamente" coas mellores familias, prometéralles Carlos IV aos expósitos da Vacina. A oportunidade social de ser acollido por unha selecta familia mexicana non petou na porta de Juan Antonio: morreu, con 10 anos, cando aínda estaba na Escola Patriótica.

Abandonos no torno (xilografías): Anónimo, 1852; editorial I. F. Halton / Gustavo Dore, 1860; Larouse Universel.



Transcrición literal do rexistro de ingreso de Juan Antonio na Inclusa de Santiago. AHDS.



Acreditación de ser Juan Antonio un dos nenos da Expedición da Vacina. Arquivo Histórico Universitario Santiago.



Reprodución facsimilar do rexistro de ingreso de Juan Antonio na Inclusa de Santiago. Arquivo Histórico Diocesano Santiago

10

EXPÓSITOS

O torno non para de xirar

Abandonados polos seus proxenitores de maneira clandestina e anónima, a supervivencia dos expósitos dependía exclusivamente da Beneficencia.

No tempo da Expedición da Vacina, na Inclusa do Real Hospital de Santiago entraban, cada día, dous expósitos —de toda Galicia—: de 1797 a 1803, foron 5.725 as criaturas recollidas, unha media anual de 817 ingresos; deste total, morreron —no mesmo ano da entrada— 4.156, o 72,6%. A Inclusa da Coruña (entón, unha vila de 15.000 habitantes) acollía dúas criaturas cada semana: entre 1793 e 1803, entraron 1.081, das que o 20% faleceu antes do seu primeiro mes de vida e o 67 % morrerá antes de chegaren aos tres anos.

As Inclusas movíanse con dilixencia —72 horas na Coruña, ata tres semanas en Santiago— para buscar amas que aleitasen e criasen as criaturas durante os seus primeiros 6 anos. Ao cumpliren 7, os rapaces retornaban ás Inclusas, onde recibían unha formación básica —ler e escribir, os nenos; coser e bordar, as nenas— que lles permitise, con 12-13 anos, saír a gañar o pan dunha vida de adultos.

Iconografía do torno. Montaxe fotográfico, José Caruncho.

Fachada do Gran Hospital Real de Santiago (hoxe, Hostal dos Reis Católicos). Otto Wunderlich (entre 1929 e 1936); Instituto del Patrimonio Cultural de España, Ministerio de Cultura y Deporte.

Patio de San Mateo do Gran Hospital Real de Santiago (hoxe, Hostal dos Reis Católicos), onde se localizaba a Inclusa. Otto Wunderlich (entre 1929 e 1936); Instituto del Patrimonio Cultural de España, Ministerio de Cultura y Deporte.

Tornos na Coruña (convento de Santa Bárbara) e na Guarda (antigo convento de San Bento). Fotografía: José Caruncho - Carlos G. Guitián

Mostra das medallas de identificación (anverso e reverso) que os expósitos -nestes casos, de Madrid e Navarra- debían levar, permanentemente, ao pescozo. Colección Carlos González Guitián.

11

GALICIA NA EXPEDICIÓN DA VACINA

A nosa mellor achega á sanidade pública

A Expedición partiu da Coruña porque a baixa incidencia da varíola no país facilitaba localizar portadores libres de contacto coa epidemia. Tamén axudou o seu "saber mariñeiro": dende 1764, fora a base dos Correos Marítimos estatais e, dende 1778, era un dos 13 portos habilitados para o libre comercio con América.

A corveta dos expedicionarios era a María Pita, homenaxe á tendeira coruñesa que destacou na defensa da cidade (1589), fronte á armada de Francis Drake. Na Rúa Real da vila vivían o armador (Manuel Díez Tavanera) e o capitán (Pedro del Barco) e no barrio da Palloza, residía toda a tripulación.

Hospital da Caridade da Coruña (desaparecido en 1960) fundado, en 1791, por Teresa Herrera. Colección Carlos González Guitián.

A coruñesa Casa de Expósitos era parte do Hospital da Caridade, fundado (1791) co legado deixado por Teresa Herrera, unha mecenas local. Entre as inclusas de Santiago e A Coruña achegaron 17 dos 21 nenos que levaron a vacina da varíola a América.

De Betanzos era o médico Vicente Antonio Posse Roybanes, a quen Balmis encargou de manter viva a vacina para ter garantido, caso de estragarse na travesía a cadea de inoculacións, un porto seguro onde aprovisionar linfa activa e fresca.

Firmas autógrafas de Pedro del Barco (capitán da corveta *María Pita*) e Vicente Antonio Posse Roybanes (médico municipal da Coruña; o primeiro vacinador en Galicia).

A corveta María Pita, na baía coruñesa. Acuarela de Miguel Camarero.

12

MÉTODO DE VACINACIÓN

Trasvasar pus de brazo a brazo

Para a operación de brazo a brazo, os grans de varíola da persoa xa vacinada han de estar en sazón da materia branquinoso-espesa que os vacinadores chamamos gomosa. Fanse no gran escollido dúas ou tres punzadas cunha lanceta ben limpa. Axiña brotará a gomosa, na que mollaremos a lanceta, que se introducirá o máis superficial e horizontal que se poida entre a epiderme da persoa que imos vacinar, coidando que saia o menor sangue posible.

Ao cuarto día da vacinación, se arredor da picada aparece unha pequena elevación acendida, podemos asegurar que a vacina prendeu. Dende o día sétimo ao nove, o círculo encarnado -a auréola- vaise enchendo de gomosa.

O día dez parece ser o da verdadeira madureza do gran vacún lexítimo. O pequeno cerco algo máis elevado da pústula está cheo de pus. É o momento de pasar a vacina deste brazo a outro brazo.

O pus desaparecerá ao cabo do día once e a cotra irá aumentando de tamaño ata que, polo día 20, cae por si mesma.

Vicente Antonio Posse Roybanes, médico municipal coruñés (1805).



Progresión dos grans da vacina. Entre o noveno e o décimo día, os grans resultantes da vacinación están no momento óptimo para transvasar a linfa vacinal a un novo receptor. Progresivamente, as vinchas van secando e as cotras caen por si mesmas arredor do día 20. Gravado de José Ximeno Carrera, en: *Tratado Histórico y Práctico de la Vacuna*, de Jacques Louis Moreau de la Sarthe (traducción de Francisco Xavier de Balmis); Imprenta Real, Madrid; 1803.

Primeiras lancetas, s. XIX // Lanceta de agulla, con ampola de cristal para seis inoculacións; Instituto Lorente (Madrid), 1967.

O NOSO HEROE VOLVE Á CASA

O neno de Friol que levou a primeira vacina ata América

A

ROTEIROS DA EXPEDICIÓN

EXPEDICIÓN CONXUNTA

A Coruña (30 / 11 / 1803)
Tenerife (9 / 12 / 1803 – 6 / 01 / 1804)
Puerto Rico (9 / 02 – 12 / 03 / 1804)
Puerto Cabello (20 / 03 / 1804)
Caracas (30 / 03 / 1804)
La Guayra (8 / 05 / 1804)

PARTIDA BALMIS

· La Habana (29 / 05 – 18 / 06 / 1804)
· Mérida (28 / 06 - 11 / 07 / 1804)
· Veracruz (24 / 07 – 01 / 08 / 1804)
· México (09 / 08 / 1804)
· Puebla de los Ángeles-Acapulco (20 / 09 / 1804 – 27 / 01 / 1805)
· Acapulco-Manila (08 / 02 – 16 / 05 / 1805)
· Manila-Acapulco (16 / 05 – 14 / 08 / 1807)
· Balmis, en solitario: Macao-Cantón-Santa Elena-Lisboa-Madrid (10 / 09 / 1805 - 07 / 09 / 1806)

PARTIDA SALVANY

· Naufraxio en Barranquilla (13 / 05 / 1804)
· Cartagena de Indias (24 / 05 - 24 / 07 / 1804)
· Bogotá (17 / 12 / 1804 – 8 / 03 / 1805)
· Popayán (27 / 05 / 1805)
· Quito (16 / 07 – 13 / 07 / 1805)
· Piura (23 / 12 / 1805)
· Lima (24 / 05 – 15 / 10 / 1806)
· Arequipa-Cochabamba (08 / 12 / 1807 – 21 / 07 / 1810) (morte de Salvani)
· Grajales e Bolaños, en Chile: Valparaiso-Illas Chiloé (12 / 1807 - 01 / 1812)

B

OS EXPEDICIONARIOS

CIRURXIÁNS

Francisco Xavier de Balmis
Joseph Salvani

AUXILIARES DE CIRURXÍA

Antonio Gutiérrez
Manuel Grajales

PRACTICANTES

Francisco Pastor Balmis
Rafel Lozano

ENFERMEIROS

Pedro Ortega
Basilio Bolaños
Ángel Crespo
Antonio Pastor Balmis

ENFERMEIRA

Isabel Zendal Gómez

C

OS NENOS DA VACINA

NOME	PROCEDENCIA	CRIANZA
INCLUSA DE MADRID		
ANDRES NAYA (8 anos)		
DOMINGO NAYA (6)		
ANTONIO VEREDIA (7)		
VICENTE FERRER (7)		
INCLUSA HOSPITAL REAL, SANTIAGO		
GERÓNIMO MARÍA (7 anos)	Santiago	Montes - Campolameiro
JUAN ANTONIO (6)	Sta. María de Xía-Friol	San Mamede-Ribadulla
JAZINTO (6)	Santiago	Pardesoa - Forcarei
FLORENCIO (5)	Santiago	Salto - Oza dos Ríos
JUAN FRANCISCO (5)	Ferreira - Coristanco	Cos - Abegondo
CASA DE EXPÓSITOS, A CORUÑA		
CLEMENTE (9 anos)	A Coruña	Oleiros
FRANCISCO ANTONIO (8)	Sta. María de Sada	Sta. María de Sada
BENITO (7)	A Coruña	coa súa nai, Isabel Zendal
CÁNDIDO CARIDAD (6)	A Coruña	S. Pedro de Nós
MANUEL MARÍA (6)	A Coruña	S. Pedro de Nós
MARTÍN (3)	Dorneda-Oleiros	Dorneda-Oleiros
JOSEF MANUEL (3)	A Coruña	Sta. María de Sada
TOMÁS MELITÓN (3)	A Coruña	Santiago de Arteixo
JOSEF (3)	A Coruña	Sta. María de Sada
PASQUAL ANICETO (3)	A Coruña	Crendes-Abegondo
VICENTE MARÍA (3)	A Coruña	Oseiro-Arteixo
JOSEF JORGE (2)	A Coruña	Casa de Expósitos

O NOSO HEROE VOLVE Á CASA

O neno de Friol que levou a primeira vacina ata América